



**A ASOCIACIÓN ARELA IMPARTIRÁ NO DÍA DE HOXE  
(07/05/2013) UNHA CHARLA PARA PAIS E NAIS CON FILLOS  
ADOLESCENTES E PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN BAIXO O  
TÍTULO "EDUCAD AOS NENOS E NON SERÁ NECESARIO  
CASTIGAR AOS MAIORES".**

*Esta charla, enmárcase dentro da iniciativa conxunta da Asociación ARELA e da Fundación BARRIÉ, denominada **Programa KTORCE18**, para a prevención de condutas infractoras. A través desta iniciativa no curso 2012-2013 máis de 3000 alumnos e alumnas de toda Galicia participaron nas 100 charlas impartidas polos profesionais de ARELA, co fin de informar sobre a Lei do Menor.*

O Programa KTORCE18 chega hoxe, 7 de maio de 2013, da man da Coordinadora de Traballo en rede Barrio de Conxo-Milladoiro ao IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela. A Charla terá lugar ás 18:30 horas.

O Programa KTORCE18 xorde no ano 2009 da constatación que realizan os profesionais da Asociación ARELA sobre o descoñecemento que os e as adolescentes teñen sobre a lexislación que lles afecta, en concreto sobre a Lei do Menor. De aí a necesidade de intentar previr condutas infractoras e de proporcionar a máxima información ós protagonistas da Lei. A Asociación ARELA dispón de dous centros (en Vigo e Pontevedra) destinados á execución de medidas xudiciais con adolescentes.

O programa KTORCE-18, é unha iniciativa da Asociación ARELA que conta co apoio da Fundación Barrié dende o comezo do curso escolar 2012-2013. Dende outubro de 2012 **ARELA realizou MÁIS DE 100 CHARLAS** en Institutos e Colexios de toda Galicia, **contando con máis de 3.000 participantes nas mesmas.**

O Programa KTORCE18 ofrece, ademais das charlas para alumnos e alumnas de 2º a 4º de ESO, outros recursos educativos como poden ser: charlas para as ANPA dos centros educativos; materiais didácticos sobre a Lei do Menor para traballar no ámbito escolar; ou un consultorio no que os adolescentes e os seus pais e nais poden expoñer as súas dúbidas e preguntas sobre a Lei do Menor. Todo elo e máis pode atoparse a través dun enlace na web da Asociación <http://www.arel.org/programa-de-prevencion-de-condutas-infractoras.html>

**Asociación ARELA**

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: [arel@arel.org](mailto:arel@arel.org) Páxina Web: [www.arel.org](http://www.arel.org)



A Asociación ARELA ven desenvolvendo dende o seu nacemento en 1998 diferentes iniciativas encamiñadas a mellora a calidade de vida de nenos, nenas, adolescentes e mozos e mozas en situación de desprotección social e/ou en conflito social. Na actualidade a Asociación ARELA conta con 10 centros de menores, de diferente tipoloxía, en diferentes poboacións de Galicia, nos que anualmente se atenden a máis de 350 rapaces e rapazas.

Máis información sobre ARELA en:

Web: <http://www.arela.org/>

Facebook: <https://www.facebook.com/AsociacionArela>

Máis información sobre o Programa KTORCE18 en:

Web: <http://www.arela.org/programa-de-prevencion-de-conductas-infractoras.html>

Web: <http://www.educabarrie.org/proyectos/ktorce-18-programa-para-la-prevencion-de-conductas-infractoras?sw=all#target=>

**Asociación ARELA**

**Rúa Ernesto Lecuona, 11 baixo**

**36205 Vigo**

**Persoa de contacto: Ana Pérez Figueroa**

**Tif: 627582558**

**Asociación ARELA**

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: [arela@arela.org](mailto:arela@arela.org) Páxina Web: [www.arela.org](http://www.arela.org)